

TEATRO, NARRATIVA, ENSAIO E PROSA XORNALÍSTICA

“Coñecer a fondo a nosa nación é esencial para calquera galego”

Aínda que a súa vocación literaria fundamental foi a poesía, Manuel María tamén cultivou abondosamente e con acerto todos os xéneros nun claro intento de dotar a literatura galega de normalidade. El coñecía a nosa historia cultural e artística como ninguén.



TEATRO

Consciente do valor didáctico do teatro e da súa capacidade de intervención, escribe nada menos que 36 obras de moi distinto formato (farsas, autos, pezas infantís...) e de temática moi diferente: a historia de Galicia, o mundo galego e popular, a liberdade humana como dereito inquestionábel ou o posicionamento diante das loitas concretas do pobo galego.

ENSAIO

O ensaio é o menos cultivado e o único que abandona nun período, de 1973 a 1984, xustamente cando a súa intensísima creación poética e o seu activismo cultural e político non lle deixan tempo para máis. Aborda moi diferentes temas literarios, case sempre partindo do coñecemento dos autores/as, o que dá aos seus comentarios un ton de coloquialidade longo da erudición.

NARRATIVA

Na ampla obra narrativa parte con frecuencia do seu universo infantil, de espazos vividos e de personaxes e feitos reais para crear historias dominadas pola identificación coa paisaxe e coa tradición, polo amor, sempre contadas con profundo lirismo.

“Procurei percorrer todos os camiños que a vida puxo diante de min”


PROSA XORNALÍSTICA

Cerca de mil cincocentos artigos mostran a grande formación humanística dun autor capaz de escribir con rigor sobre os temas máis diversos: literatura, arte, historia, patrimonio natural, lingua, etnografía, xeografía...

Paderna e Fompedriña tiñan grandes coloquios e parrafeos. Cando a palabra común non abundaba, por insuficiente, para se entenderen, Paderna utilizaba a lingua poética e Fompedriña o idioma musical. Tanto era así que, en ocasións, cando nestas andaban os dous amigos, os paxaros suspendían os seus voos, e ficaban inmóbiles no aire para aprenderen canto e melodía destes dous mestres que a ninguén cobraban e que poñían os seus saberes e entenderes ao dispor de todo o mundo.

(Cando o mar foi polo río, 1992)

Manuel María converteu a persoa que o introduciu no cultivo da poesía, Manuel de Paderna, no protagonista de varias das súas obras narrativas.



Otero Pedraio era para Manuel María unha das grandes figuras de referencia. A pesar da distancia xeracional, mantiveron entre eles unha relación persoal próxima e de mutua admiración.

Manuel Mariá

Beleza, amor e compromiso